

O galego de Portugal. Algunhas observacións sobre a xénese e a denominación orixinaria do sistema lingüístico galego-portugués

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO

Universidade da Coruña

freixei@udc.es

Resumo

Existe na Galiza un sector do movemento reintegracionista que utiliza como denominación para a lingua propia desta comunidade a de 'portugués da Galiza'. Sen me manifestar contrario ao obxectivo final da reintegración ou reunificación gráfico-lingüística entre o galego e o portugués, isto é, sendo tamén defensor de aproximar todo o posíbel o galego do portugués até se confundir con el, como quería Castelao, reivindicarei no entanto nesta comunicación a denominación de 'galego' como nome orixinario do complexo lingüístico xerado na Gallaecia histórica e que hoxe é falado en Portugal, no Brasil, na Galiza e noutros países do mundo. Tentarei demostrar tamén que Portugal ten a súa xénese dentro da Galiza histórica e que o primitivo galego foi a base do portugués falado na actualidade. Trátase, en síntese, de reivindicar a orixe común do galego e do portugués, así como da análise da súa unidade e proxección peninsular no período medieval.

Palabras chave: Gallaecia, Portugal, lingua medieval, galego-portugués.

1. Esplendor do reino da Galiza e do seu romance na época medieval

A historia da Galiza medieval ten sido obxecto dunha manipulación interesada a favor do ideal castelanista, como ultimamente se vén pondo de manifesto por parte dos estudiosos (véxase, por exemplo, Nogueira 1996, 1997 e 2001; Smith 1996 ou López Carreira 1997), a resaltaren algúns deles tamén o interese dos historiadores oficiais por faceren pasar por casteláns feitos e reis que o eran da Galiza, reino hexemónico en determinada altura, aínda que o ocultamento e a falsificación de que a historia galega foi obxecto o fixeron pasar por subalterno ou subsidiario.

1.1. A hexemonía da Galiza como reino cristián e a súa división

Durante séculos, a Gallaecia foi o reino cristián alternativo da Hispania musulmá, así recoñecido polos árabes e polo papado, e con grande presenza en Europa. A pesar de na historiografía oficial española o reino da Galiza practicamente non existir ou simplemente figurar como subsidiario dos reinos

de Asturias, León ou Castela, na documentación medieval aparece constantemente citado, outorgándosele grande relevancia. Así, segundo nos informa Smith (1996), en 1088 o papa Urbano II diríxese por escrito a Afonso VI, que pasa por ser rei de León e Castela, como «Regi Ildefonso Gallitie»; na *Historia Turpini*, libro IV do *Codex Calixtinus*, recompilado arredor de 1140, o reino da Galiza inclúe Lamego, Viseu e Coimbra, e nela aparecen expresións como «Yspaniam e Galleciam», «tellurem Yspanicam et Gallecianam», «Hyspani scilicet et Galleciani, totam terram Hispanicam e Gallecianam», dando a sensación de que, fronte á parte da península en poder dos mouros, só existe a Galiza cristiá. Tamén nos lembra Smith que no libro V, *Guía de peregrinos*, volta a aparecer a expresión «in Yspania et Gallecia»; que nas *chansons de geste* francesas a Galiza ten máis de 50 referencias en 35 textos, en canto que León, como nome de reino ou imperio, case que non aparece; que para o cronista inglés Mateo Paris, quen escribe a meados do século XIII, á altura de 1184 Fernando II é rei da Galiza e non de León; que para os escritores de Al-Andalus era normal distinguir só entre ‘francos’ (cataláns) e ‘galegos’ (habitantes dos demais reinos cristiáns do norte); etc. Smith, que non pretende negar rotundamente a versión castelanista da historia, porén non pode admitir a tese de Américo Castro sobre a explicación da constante cita da Galiza por parte dos historiadores foráneos como unha consecuencia da crecente importancia e proxección do culto xacobeo, pois isto non se producira aínda no século X.

Tamén dona Carolina Michaëlis resalta a relevancia da Gallaecia nos textos literarios xermánicos e europeos en xeral:

Houve uma era em que Gallaecia era nome generico da Hespanha christã, ao passo que Hispania designava a Mouraria. O curto período em que S. Salvador de Oviedo fôra capital dos territorios reconquistados não teve eco na memoria dos povos. O immediato, pelo contrario, em que as Asturias e a Galliza formaram uma unidade, dentro em pouco augmentada pela planicie de Leão, repercutiu-se longe, espalhando todavia exclusivamente a fama das terras gallizianas, ou antes da terra de Santiago -pois fôra o descobrimento do sepulcro do Apostolo que lhe deu brilho e renome superior. Ha provas d'isso na poesia epica dos germanos, nas sagas escandinavas, nos historiadores flamengos, nos cantares de gesta da França, na poesia popular inglesa, nas obras dos trovadores, nos poetas de Italia, nos auctores árabes (Michaëlis 1904: 791-793).

Durante os séculos VIII e IX, cando a lingua galega se conforma como romance diferenciado do latín, todos os reis se titularon reis da Gallaecia desde capitais diferentes (Oviedo, Santiago ou León), se ben que moitos deles desde Afonso II asentaron a súa capital en Santiago ou na parte occidental de Gallaecia, fortalecendo e estendendo o seu reino, e mesmo chegando no occidente até Coimbra xa con Orduño II, de acordo con Camilo Nogueira (1996; 2001: 107-304), para quen Ramiro II constitúe unha referencia fundamental na construción do reino galaico e pon en relevo a ocultación por parte de Sánchez Albornoz de documentación histórica onde se cualifica aquel como rei dos galegos e estes como a nación máis poderosa. Dona Sancha

(1037-1067), emperatriz da dinastía galega e irmá e herdeira de Vermudo III, divide os territorios entre os seus fillos Afonso VI (León), García (Galiza), Sancho (Castela). Afonso VI, a pesar de herdar o reino de León, gobernou a Galiza e Castela en períodos distintos, en canto que o seu irmán Sancho aspiraba a ser rei da Gallaecia, título principal da monarquía. Don García gobernou a Galiza desde 1067 a 1071, mais conservou o título de rei até a súa morte en 1090. A filla primoxénita de Afonso VI, dona Urraca, e o seu marido, Raimundo de Borgoña, gobernaron a Galiza desde 1093. Arredor de 1096, Afonso VI encárgalle o goberno de Portucale (do condado portucalense) e de Coimbra á outra filla, dona Teresa, casada con Henrique de Borgoña.

Cando dona Teresa, xa viúva, busca o auxilio de nobres galegos e os nobres portucalenses ven así perigar a autonomía de Portucale, estes deciden apoiar Afonso Henriques, fillo de dona Teresa, quen vence e expulsa a súa nai en 1128, de forma que aquel pasou a gobernar o condado portucalense e esta, con Fernán Peres de Traba, continuou a gobernar o condado de Coimbra, sempre en mans de condes galegos; ou sexa, que dona Teresa goberna ao sul do Douro e o seu fillo Afonso Henriques entre o Douro e o Miño; á morte de súa nai en 1130 deslócase de Guimarães a Coimbra. En 1139 tomou o título de rei e en 1143 recoñécese mediante tratado a independencia do novo estado portugués, confirmada por Roma en 1179. Don García, como rei da Galiza, asumira tamén a autoridade dos condes de Portucale, sendo a súa sobriña Teresa e o fillo desta Afonso Henriques os seus herdeiros e por tanto continuadores da liña histórica, de modo que a independencia de Portugal constitúe un problema dinástico dentro da Galiza (Nogueira 2001: 183-214).

O infante Afonso Raimúndez, herdeiro do trono da Galiza, fillo de dona Urraca e neto de Afonso VI, foi proclamado como rei da Galiza e como tal gobernou Toledo en vida de súa nai a partir de 1117. E cando en 1126 morre esta, tal rei galego, co nome de Afonso VII, herda os reinos de León e Castela, afirmando así a Gallaecia a súa hexemonía política na península; en 1135 é coroado emperador na cidade de León coa participación de nobres e bispos galegos, feito que non significa a supremacía de Castela, senón a dun rei feito e criado na Galiza e por galegos, «un rei galego» (Pena 1995: 12). Afonso VII pretendía a transformación do imperio galaico dos seus antepasados nun imperio en toda a península. Mais esta política veríase condicionada posteriormente pola perda de Toledo e pola separación de Portugal; estes dous factores son os que debilitan a forza da Galiza no que acabará por ser o estado español (Nogueira 1996: 72). Xa o Padre Feijoo (1984: 92) indicara que o reino da Galiza comprendía na época medieval unha boa parte de Portugal e que o idioma común non se formou «promiscuamente» a un tempo nos dous territorios, senón que da Galiza pasou a Portugal e non ao revés, porque durante a unión dos dous reinos no goberno suevo a Galiza era a nación dominante por teren nela o seu asento e corte aqueles reis.

Entre 1143, ano en que Afonso Henriques é recoñecido como rei de Portugal, e 1230, cando morre Afonso IX da Galiza, houbo, segundo Nogueira (1996: 75), dous reinos galaicos independentes, pois tan galego era o reino de

Gallaecia-León con Fernando II e Afonso IX, os dous enterrados en Santiago, como o reino de Gallaecia-Portucalense, con Afonso Henriques, Sancho I, Afonso II e Sancho II. Portugal surxiu, pois, como unha división da Gallaecia, segundo tamén recoñece Carolina Michaëlis (1904: 779): «Nessa verdadeira Galliza medieval (quer comprenda apenas a orla marítima da península até ao Porto, quer se estenda até ao Vouga, ou mesmo até Coimbra) entra sempre o núcleo fundamental de Portugal: *o condado portucalense*». Parece, así mesmo, interesante citarmos a afortunada expresión de Piel de Gallaecia Magna, ou Maior, definidora da área inicial do galego-portugués, a que lle atribúe como límite meridional a ría de Aveiro (en Castro 1991: 167).

1.2. *O romance galaico como lingua cortesá*

Mais tamén debemos contemplar o dominio e a expansión territorial do romance galaico no ámbito oral á luz da verdadeira extensión e importancia do reino da Galiza no período que estamos a tratar. O galaico occidental ou galego foi a lingua cortesá do reino da Gallaecia por ser no occidente onde estivo o centro do imperio galaico. Pena Graña considera que con Ordoño I (914-924) «comeza o que será a tónica dominante na historia do reino de Galicia, ao darse o caso de o rei galego herdar os outros reinos do NW peninsular», feito que segundo el os historiadores casteláns e leoneses teñen interpretado intencionadamente como unha absorción do reino galego por León ou Castela; e acrecenta que a partir dese momento «a lingua dos monarcas será o galego. Os infantes serán criados polos titores das grandes familias galegas e a cultura e diplomática levarán selo galego» (Pena 1995: 9-10).

Se a principios do século X o galego é a lingua cortesá empregada polos monarcas, dous séculos despois temos un testemuño documental que nolo ratifica. Afonso VI, rei de León, mais tamén de Castela e a Galiza como se viu, nacido en Compostela segundo Murguía (Nogueira 1996: 68), prometera o reino da Galiza ao fillo de dona Urraca Afonso Raimúndez, mais reservábase León e Castela para o seu fillo don Sancho, morto na batalla de Uclés arredor de 1109; nunha crónica de Frei Prudencio Sandoval, historiador nacido en Valladolid a meados do século XVI, nárrese que o rei Afonso VI recibiu en Toledo a triste nova da morte do seu único fillo «*y en la lengua que se usaba* dijo con dolor y lágrimas que quebraba el corazón: “Ay meu fillo! ¡Ay meu fillo! ¡Alegría do meu corazón et lume dos meus ollos, solaz da miña vellez!...”» (Risco 1973: 8). Temos, pois, que a principios do século XII o galego era a lingua que se usaba na corte de Afonso VI e que usaba o propio rei mesmo nas súas manifestacións máis íntimas e espontáneas.

A propósito de Afonso Raimúndez, afirma Brea (1994: 48) que foi primeiro, e durante un tempo, só rei da Galiza, e logo foi estendendo o seu poder, de maneira que o feito de a lingua da súa corte ser o galego «non sería de extrañar». Inclusive no século XIII Fernando III e o seu fillo Alfonso X estiveron vinculados coa Galiza e co galego (Michaëlis 1904: 796), seguramente a súa lingua familiar, como demostra o dominio que este último posuía dela

na súa obra escrita persoal. González López (1978: 185) sostén que o galego-portugués foi a lingua culta do reino de León nos primeiros séculos da Reconquista e que puido ter sido a lingua común de todo o occidente peninsular. A se basear neste mesmo autor, Mariño (1998: 186) recolle a información de que «cando en 1188, por primeira vez en Europa, convoca cortes Afonso IX, rei de León e de Galicia, os representantes das cidades que a elas asistiron expresáronse en romance leonés ou en romance galego». Menéndez Pidal (1950: 447), empeñado en resaltar o papel preponderante de Castela e do seu idioma seguindo o ideal castelanista que profesaba, fala da loita entre o galego e o castelán pola hexemonía lingüística no reino de León, sen poder ocultar totalmente o importante papel que a Galiza tivo, pois segundo el nela adoitaban educarse os príncipes. O mesmo Castelao (1961: 51) ten reparado en que o galego chegou a ser «língua lírica e cortesán de Castela».

Perante o poder político da Galiza nese período histórico pódese deducir que o galego non só foi unha lingua moi valorada na lírica, senón que tamén gozou con anterioridade de prestixio como lingua de comunicación oral por ser a lingua cortesá por excelencia. Curiosamente, algúns criticárona e outros aínda a critican hoxe por ser lingua vulgar ou pouco refinada (Risco 1973: 9); o que na realidade aconteceu foi que pasou de lingua cortesá a rústica (Vázquez 1998: 36-7) após o consabido proceso de colonización castelá.

2. A denominación do romance hispánico occidental

A Gallaecia convertérase nun «viveiro de romances», en expresión de Carballo (1980: 111-113), após a paulatina disolución ou transformación do latín vulgar. De todas as formas, a distancia entre os diferentes romances peninsulares antes do século X era moi pequena (Wright 1991: 21-22). Mais as diferenzas entre o latín vulgar falado ao longo da península (e do occidente europeo romanizado) existían e eran a cada paso maiores, de forma que hoxe hai un consenso xeneralizado entre os estudiosos para se consideraren formadas as linguas romances antes de finalizar o primeiro milenio da era cristiá.

2.1. O aparecemento do romance no territorio da Gallaecia

Antes dese período en que se pode dar por conformado o romance, aínda podemos falar dun galaico prehistórico que despuntaba nos primeiros séculos da era cristiá aos dous lados do río Miño de modo substancialmente uniforme, mais do que non existe outra documentación que a do latín vulgar das inscricións peninsulares. A partir do século IX existen documentos públicos ou privados, ou ben documentos xurídicos, escritos nun latín bárbaro e artificial que nunca tivo vida propia na fala; era este latín obra de escribáns obrigados a usaren unha lingua que xa ignoraban en boa medida, caendo por iso en irregularidades consistentes, en parte, na intercalación de numerosas locucións e vocábulos do novo romance que eles falaban; a este

conxunto podemos chamarlle galego protohistórico, que comprende desde o século IX ao XII (Michaëlis s. d.: 17).

Nos catro primeiros séculos de vida do noso idioma (aproximadamente desde o ano 800 ao 1200), dáse certamente unha diglosia entre a variedade culta ou formal do latín e o galego, continuación natural do latín vulgar, o primeiro utilizado como lingua escrita e o segundo como lingua oral, aínda que, de atendermos as suxestivas hipóteses de Wright (1991: 22), a diferenza entre a lingua latina (latín escrito ou 'gramática') e a lingua vulgar (romance galego falado) non sería percibida como se se tratase de dúas linguas distintas, senón máis ben como dous estilos dentro dunha mesma lingua. Débese, pois, contextualizar adecuadamente a diglosia latín/vulgar de que fala Vázquez (1998: 74), tendo en conta así mesmo que no período medieval existía a conciencia de os romances peninsulares constituíren unha única lingua (Monteagudo 1988: 145).

Aínda podemos acrescentar que se, como afirma Mattoso (1992: 91), xa por algunha razón «os romanos tinham feito do Douro a fronteira entre a Galécia e a Lusitânia», e até meados do século XII vai existir unha certa unidade política neste territorio do occidente peninsular, de o non impediren os acontecementos políticos, ben podería terse dado o caso de que a Galiza e Portugal mantivesen desde aquela altura a unidade político-cultural hexemónica dentro da península, feito que sen dúbida tería afectado o status actual da lingua galega e evitado a polémica arredor da relación entre galego e portugués. Mais a historia discorreu por outras vías, infelizmente.

2.2. Galego e galego-portugués

Se admitirmos que a Galiza e Portugal son dous reinos galegos en orixe (Nogueira 2001: 233), tamén resultará lóxico asumirmos que a lingua romance común falada ás dúas bandas do río Miño se debe chamar con propiedade *galego* por ser a lingua da Gallaecia. Ao se dividir esta coa creación primeiro do condado e logo do reino de Portugal, o galego será a lingua da Galiza e tamén a lingua de Portugal, feito que posibilitará a aparición do nome composto *galego-portugués*, por pertencer a estes dous reinos peninsulares. Mais galego-portugués é unha denominación serodia, introducida polos eruditos portugueses a fins do século XIX. Así a xustificaba a propia Carolina Michaëlis (1904: 779): «Esta fragmentação da Galliza em duas metades, ocorrida exactamente no momento psicologico da primeira florescencia da supposta poesia popular, obriga-nos a empregar o termo composto *gallego-português*». Nunes (1989: 13), a falar dos numerosos dialectos en que se dividiu o hispano-romano, afirma que «tem para nós particular interesse o que se usava nas margens do rio Minho e ao qual podemos dar o nome de *galécio-português*».

Ora, se esta denominación non se empregou na época medieval, cal foi, entón, o nome que se lle deu ao idioma da Gallaecia (e dos reinos da Galiza e de Portugal cando a primeira se dividiu) durante a Idade Media? Na *His-*

toria Compostellana, texto latino do século XII, aparece a expresión *gallaeco vocabulo*; e nunha relación de libros da biblioteca do arcebispo compostelán Bernaldo II dáse noticia, arredor de 1226, dun libro vello de sermóns *de littera galleca*, que con seguranza quererá indicar que estaba escrito en galego e non en latín (Monteagudo 1994: 171). Porén, a denominación predominante era, en contraposición a *latín*, a de *romanço* (aparece a fins do século XIV na *Crónica Troiana* e tamén nos *Mirages de Santiago*, por exemplo), xuntamente coa de *lenguagem*, *linguagem* ou a *nossa linguagem*, estas máis frecuentes en textos escritos en territorio portugués.

Mais é ben sabido que a fins do século XII e principios do XIII xa se cultiva a poesía lírica nos reinos da Galiza e de Portugal. Como se lle chamaba á lingua en que se escribían as cantigas? O catalán Jofre de Foixá, autor dunhas *Regles de Trobar* escritas en occitano arredor de 1290, cita as linguas que el considera naquela altura habilitadas para a lírica: francés, provenzal, siciliano e galego; *galego*, pois, é a denominación que se lle daba á lingua dos cancioneiros, polo menos nos ambientes eruditos e trobadorescos (Monteagudo 1994: 173). E nada pode resultar máis natural do que esta denominación, pois o galego é a lingua da Gallaecia e Portugal, como dicía Carolina Michaëlis, surxe no interior da primeira.

2.3. De galego ou portugués a galego e portugués

No entanto, non cabe dúbida de que, ao se converter Portugal en reino independente da Galiza e ao esta ir entrando progresivamente na órbita de Castela, os portugueses van acabar por denominar o galego que falan como lingua de Portugal ou portugués. Na *Crónica Portuguesa de 1344* xa aparece a expresión *segundo a linguagem de Portugal*. En territorio galego, polo contrario, nos *Mirages de Santiago*, de fins do XIV ou de principios do XV, figura a expresión *lingoajem galego*. A meados do século XV o Marqués de Santillana terminará por denominar a lingua dos trobadores como «gallega o portuguesa», entendemos que por ser a lingua da Galiza e de Portugal, aínda que se ten discutido sobre o sentido inclusivo ou exclusivo da expresión; Monteagudo (1988: 145-6) inclínase por este último, mais tamén afirma non ter constancia da denominación de ‘portugués’ até ao século XV. Con todo, a división política da Galiza en dous reinos, consolidada a meados do século XII, non rompe a unidade lingüística, continuando a lingua a ser a mesma a ambos os lados do Miño. Ora, a partir da segunda metade do século XII a política portuguesa deslócase definitivamente cara ao sul, até se establecer finalmente Lisboa como capital do reino; o galego de Portugal convértese así en lingua protexida polos reis e, cada vez máis, irase transformando nun poderoso instrumento cultural e mesmo político.

O modelo lingüístico que se vai ir conformando na corte lisboeta non será o do norte, senón o do sul, máis influído polas falas mozárabes, e, convertido en lingua oficial do estado, acabará por se denominar ‘portugués’, perdendo o nome de ‘galego’, indicador da marca de orixe. Como conse-

cuencia dos descubrimentos, en que Portugal participou como grande potencia colonizadora, o (galego)portugués vaise estender por diferentes continentes, até chegar a ser tamén unha das linguas máis faladas no mundo. Só algúns eruditos farán referencia a que esa lingua tivo a súa orixe na Galiza, antes grande e poderosa e hoxe pequena e esquecida. As normas e orientacións lingüísticas que, desde o primeiro momento en que Lisboa se converte na capital do reino, emanan dela, acaban por chegar ao norte de Portugal, mais non traspasan o río Miño, primeiro ponte de unión e prolongación dunha mesma identidade xeográfico-cultural e agora fronteira de separación política.

Así pois, en tanto que Portugal, «gallego-portugués nas suas origens», «integrado com sangue mozarabico», se vai converter lentamente nunha «nacionalidade nova, como genio seu e missão individual» (Michaëlis 1904: 780), a Galiza constitúe un reino que vai ir ficando sen rei exclusivo e sen unha corte que potencie o idioma. Cando Compostela alcanza un grande esplendor, durante o século XII, a lingua escrita era aínda o latín, e cando no século XIII aparece unha brillante literatura en galego, a Galiza xa vai camiño de se someter ao reino de Castela, aínda que se mantén como reino independente até 1230, cando comeza a hexemonía desta na coroa centro-occidental, conservando «a súa identidade de reino, como nos longos séculos da independencia, a pesar de os reis que a dominaban sérenos tamén de Castela» (Nogueira 2001: 249). Mais debe ficar claro que o galego vai entrar en crise despois do período medieval, por exemplo, en Pontevedra, mais non en Braga, onde, baixo a denominación de 'portugués', se continuará a cultivar oralmente e por escrito con total normalidade.

Transcorrido o período do galego medio ou séculos escuros (XVI-XVIII), ao intentar recuperar o seu uso escrito no século XIX, xa se terá perdido o vínculo coa primitiva lingua galega na súa forma escrita, reaparecendo agora un galego literario graficamente, e tamén nalgúns aspectos léxicos e morfolóxicos, inserido no ámbito da cultura española. Este será o galego moderno, que, como o medieval, se caracteriza polo polimorfismo, consecuencia directa da carencia dunha entidade encargada de rexer ou regular o idioma; aínda para quen con máis énfase defende a separación xa temperará entre galego e portugués, como Lorenzo (1981: 12), este será curiosamente o factor máis importante da diferenciación; porén, débese de ter en conta que esta deriva de factores sociopolíticos, ao Portugal dispor de poder propio e a Galiza non desde a Baixa Idade Media até á actualidade. Mais nestes últimos séculos xa se falará maioritariamente de galego e de portugués, considerando algúns o primeiro como unha forma corrupta ou deturpada do español.

De todas as formas, se a cuestión da identidade entre galego e portugués na actualidade é polémica, a se daren argumentos nunha ou noutra dirección, parece evidente que durante toda a época medieval existe unha clara unidade lingüística galego-portuguesa, a pesar de certas preferencias a un lado ou a outro do Miño, que nunca nos deben impedir falarmos dunha única comunidade lingüística, como afirma Maia (1986: 891). Para Carolina Michaëlis (1904: 780-1), a esa esencial «uniformidade da lingua», que ela estende

«desde o extremo da Galliza até o extremo do Algarve», uníase unha «grande semelhança nos modos de viver, sentir, pensar, poetar -uniformidade e semelhança que fallam eloqüentemente a favor da afinidade primitiva de lusitanos e gallaicos».

3. A lingua literaria medieval da Galiza e de Portugal

A época trobadoresca é a época de esplendor do galego medieval, pois nela desenvólvese a escola lírica que dá lugar ás cantigas, conservadas desde os inicios do século XIII. Que a lingua das cantigas é o galego-portugués parece hoxe xeralmente admitido, mais non sempre foi así; por exemplo, aínda no século XIX Varnhagen, editor do *Cancioneiro da Ajuda*, negábase a asumir esa unidade e o feito de a literatura trobadoresca ser compartillada por galegos e lusitanos, inclinándose por estes últimos e a insitir mesmo «na idea de que as composicións líricas da Afonso o Sabio están escritas en portugués» (García Turnes 2002: 59). Tamén a principios do XIII se documentan os primeiros textos en prosa tabeliónica, aínda que son un pouco posteriores aos líricos. Con todo, até 1255 non se atesta unha significativa cantidade de textos en prosa romance (Castro 1991: 183). Desde a segunda metade do século XIII o galego comeza así mesmo a ser utilizado na prosa literaria de carácter narrativo, fundamentalmente na tradución, refundición, adaptación ou recreación das lendas artúricas, troianas ou xacobeas; algúns destes textos consérvanse fragmentariamente e outros perdéronse nas súas primitivas versións. Durante os séculos XIII e XIV podemos falar dunha prosa común galego-portuguesa, mais desde a batalla de Aljubarrota (1385) Portugal vai seguir unha vía de clara afirmación nacional reflectida na prosa, distinguíndose así da galega.

3.1. A lingua dos trobadores

A lingua empregada nas cantigas medievais é máis depurada do que a da prosa documental, apresentando unha notábel perfección e un carácter substancialmente unitario a un lado e outro do Miño e chegando a se converter en lingua lírica de todos os reinos cristiáns da península, coa excepción de Cataluña. Xa é ben coñecida a afirmación do Marqués de Santillana de que todos os trobadores, ben fosen casteláns, andaluces ou da Estremadura, compuñan as súas cantigas en lingua galega ou portuguesa. E isto resulta evidente con citarmos casos como o de Martin Moxa, aragonés, ou o tan socorrido do rei Afonso X.

Para Lapa (1977: 233) a lingua trobadoresca é a que «denuncia o verdadeiro falar corrente», constituíndo para el un absurdo «dizer-se que a língua dos trovadores era artificial», pois iso suporía negar «toda a bela sinceridade e autenticidade do antigo lirismo galego-português»; porén, «o instrumento de que se serviam os trovadores era uma língua estilizada, que pairava por

cima das variações dialectais», sendo «este convencionalismo, esta aspiração de universalidade que garantiram o prestígio e a irradiação do idioma galego-português como veículo da poesia lírica da Península». Ao tratar das orixes da cantiga de amigo, Tavani (1986: 26) di que esta é produto «dunha superestrutura dada» con base no reino galego-asturiano-leonés, mais tal superestrutura non pode ser outra que o reino da Gallaecia, aínda que el non o mencione expresamente, co núcleo básico do seu poder no territorio galego e fundamentalmente en Santiago de Compostela. Este non recoñecemento parece ser o que lle impide a Tavani achar unha explicación coherente á caracterización galega da lírica, cando afirma que «falta aínda por explicalo motivo polo que a poesía lírica expresada por esta entidade socio-económica e superestructural foi galega e, pola contra, non asturiana ou leonesa», explicación que vai achar na importancia de Santiago de Compostela como único «centro cultural de relevo internacional existente en todo o reino galego-asturiano-leonés, e mesmo o máis prestixioso de toda a península ibérica» (Tavani 1986: 26). Porén, como xa se viu con anterioridade, isto non pode ser alleo á importancia política do reino da Galiza, que non se pode dar por terminada no século XII coa independencia formal de Portugal, xa que a separación dos reinos non foi rixida desde o seu inicio; por exemplo, as dioceses galegas, salvo Santiago, pertenceron durante séculos a Braga; e Lisboa, Évora, Lamego, Salamanca e Zamora, entre outras, a Santiago; a separación de Lisboa da diocese compostelá produciuse a partir de 1400 (Nogueira 2001: 280-2).

A identidade lingüístico-cultural que reflicten as cantigas trobadorescas galegas e portuguesas (galego-portuguesas), posta de manifesto polos seus estudiosos, e pola cal non achamos máis diferenzas entre os textos dun trobador de Lisboa e outro de Compostela que as derivadas do propio estilo persoal do autor, hai que a pór en estreita relación con esa identidade política 'galega' dos dous reinos, resaltada así mesmo por Castelao (1961: 346):

Imos supor que houbo dúas Galizas -a que se foi e a que se quedou, a que se axuntou con Castela e a que enxendrou a Portugal-; pero é indubidable que ambas as dúas tiñan un mesmo mecanismo sonoro, un mesmo xeito tonal e rítmico, unha mesma lingoa, unha mesma arte e unha mesma cultura; en fin, unha mesma alma patria; e, polo tanto, a división de Galiza en dous Condados, que dispois se convertiron en Reinos diferentes, non autoriza a distinguir dúas modalidades creacionistas, según estas se produxesen nunha ou noutra beira do río Miño, pois a nación galega chegaba até o Douro, e todo canto se veu chamando 'galaico-portugués' é realmente e unicamente 'galego'. Don Dinis de Portugal non era, de certo, un rei de Galiza; pero como trovador foi tan galego como seu abó, o Rei Sabio de Castela, cando este compuxo as Cántigas.

Tal identidade evidénciase ao comprobarmos que moitos dos altos cargos do goberno portugués mantidos por Afonso Henriques eran nobres con posesións e raíces familiares ao norte do Miño, o que leva o historiador Mattoso (1992: 180) a afirmar que «as relacións familiares entre os nobres dos dous lados da fronteira, e as fáceis oscilacións dos senhores entre os dous reinos,

mostram uma perfeita ósmose entre as nobrezas galega e portuguesa, senão uma verdadeira identidade». As fronteiras non estaban aínda consolidadas no século XII, a se produciren constantes invasións dos reis de Portugal ao norte do Miño e influíndo os reis galegos en Portugal, sen que esa rivalidade fronteiriza conxuntural impedise «as intesas trocas culturais entre Portugal e a Galiza de que a poesía trovadoresca é expresión bem conhecida», segundo tamén afirma Mattoso (1992: 187), quen subliña o importante papel da nobreza galega no dominio da cultura cortesá dos séculos XIII e XIV, acrecentando que a nobreza portuguesa «só para o fim do século XIII parece ir emergindo lentamente para uma consciéncia da sua diferença em relação com a galega» (Mattoso 1992: 194).

3.2. O peso do elemento galego na lírica peninsular

É posíbel, pois, contemplarmos outra interpretación máis verosímil sobre a preponderancia do galego na lírica peninsular durante os séculos XIII e XIV, en contra da tópica e pouco consistente apelación ás especiais características ‘espirituais’ da nosa lingua ou das nosas xentes. A explicación haberá que a procurar na hexemonía da Gallaecia, que faría que a cultura, nesa altura posta de manifesto a través da lírica, se expresase no idioma do poder político dominante. Téñase en conta tamén que Salamanca foi unha Universidade instituída polo rei galego Afonso IX e administrada durante séculos por Compostela, sendo tamén os seus profesores case todos galegos. Por esta vía, que en certos lugares de Estremadura se fale aínda hoxe galego podería así mesmo achar unha explicación máis convincente (Nogueira 1996: 77). Mais, aínda a nos circunscribirmos aos límites territoriais da Galiza actual, ao norte do Miño, é de resaltar a importancia do elemento galego na escola lírica trovadoresca, como puxo de manifesto o profesor Lapa:

Quando dizemos ‘o nosso lirismo’, pretendemos significar o lirismo galego-português. E, se repararmos bem, fora de toda a preocupação nacionalística, as primeiras manifestações da arte trovadoresca e até os maiores trovadores, tirante D. Dinis, acusam o predomínio evidente do elemento galego sobre o elemento português, o que pode fazer supor que o foco irradiador da nova poesia esteja sobretudo na região de Além-Minho. Pelo menos, a procedência averiguada da maior parte dos trovadores assim o indica (Lapa 1977: 110).

A pesar dos problemas que presenta a documentación peninsular para a localización xeográfica de grande parte dos autores da escola, especialmente no referente a aqueles de procedencia non aristocrática, con todas as reservas e cautelas, en total, seguindo e ponderando as hipóteses dalgunhas importantes investigacións de conxunto, poderíamos concluír que dos cerca de 150 autores de que a tradición manuscrita galego-portuguesa nos fixo chegar obra poética, uns 64 serían, probabelmente, galegos (entre os que están algúns dos máis destacados, como Pero Meogo, Joan Airas, Airas Nunes, Gomez Charinho etc.), uns 70 portugueses, uns once doutros reinos penin-

sulares e catro extrapeninsulares (Freixeiro 2002: 45). Todos eles poetizaron en lingua galega, conferíndolle a esta o carácter de lingua lírica peninsular.

Ora, falarmos da importancia da compoñente galega no lirismo trobadoresco en nada altera a substancial unidade cultural e a homoxeneidade lingüística, estilística, retórica, métrica ou musical que confiren a este corpus lírico conservado a denominación de lírica trobadoresca galego-portuguesa, reflexo cabal da unidade política e cultural do antigo reino da Gallaecia a que esta lírica serve e de que deriva.

3.3. *A decadencia da lírica e a normalidade lingüística na Galiza baixomedieval*

Cara a meados do século XIV a escola lírica galego-portuguesa entra en decadencia, a que tamén non pode ser totalmente allea a evolución da situación política na Galiza. A partir do reinado de Fernando III (1230-1252) o reino da Galiza, a conservar sempre o seu propio carácter, viuse integrado na coroa de Castela-Toledo-León, iniciando moi lentamente o camiño da decadencia política e económica, que finalmente tamén acabará por se converter en decadencia cultural. A unión de Castela e León, coa crecente influencia de Toledo como centro da cultura a substituír en parte Santiago de Compostela, vai ir pouco a pouco disolvendo a realidade política galega na coroa castelá, aínda que isto non se logrou até o século XVI (Pena 1995: 15).

O feito de que a partir da segunda metade do XIV e durante o XV a lírica entre en decadencia e se vaian dando as circunstancias político-culturais que posteriormente han conducir paseniñamente aos séculos escuros non implica que a lingua galega entrase xa en crise naquel período; o noso idioma continuou até o final da Idade Media o seu camiño de normalidade, asumindo aqueles ámbitos de uso que foron comúns ás linguas do seu contorno. Se o galego(portugués) se converte moi cedo en lingua 'oficial' de Portugal, na Galiza o seu uso na documentación esténdese na segunda metade do século XIII e xeneralízase no século XIV, en que non só se emprega nos documentos particulares, senón tamén nos públicos; no século XV continuará esta situación, aínda que na súa segunda metade o uso se vai ir reducindo aos documentos particulares, onde perdurará durante a primeira metade do XVI (Monteagudo 1985). E isto a pesar de na parte final dese período nos encontrarmos co grave inconveniente de non posuír a Galiza un monarca e unha corte de seu que impulsasen o uso da lingua galega, tal como aconteceu en Portugal ou en Castela (Freixeiro 2002: 47). Mariño deixa tamén en claro que na Baixa Idade Media se redixiron en galego as actas e acordos de concellos, os regulamentos de gremios e confrarías, os contratos entre particulares, os testamentos etc. No entanto, o mesmo autor advirte dalgunhas circunstancias ou carencias que poden anunciar a perda futura desa mesma normalidade:

O galego, en fin, chegou a cubrir durante os séculos XIV e XV case tódolas funcións propias dunha lingua nacional normalizada. Mais xa nese mesmo período de certa normalidade se detectan preocupantes lagoas, debilidades

ameazantes: por exemplo, a súa frustración como lingua normal de relación coa corte (patente xa desde os reinados de Fernando III e de Afonso X) e a carencia dunha sólida tradición de cultivo da prosa en textos orixinais e mais en traducións, que sería fundamental para a fixación dun código culto, tanto escrito como oral (Mariño 1998: 186).

Con estes matices, pódese dicir que o galego foi a lingua normal e 'oficial' entre os habitantes do país durante a Baixa Idade Media, como afirmou tamén Ferro Couselo (1958: 251). As carencias que se comezan a detectar e a posterior perda da normalidade afectan o galego(portugués) da Galiza, mais non o (galego)portugués de Portugal. Será a partir de finais do período medieval cando as naturais diferenzas lingüísticas de aquí e alén Miño se vaian agrandando e, en canto que a literatura na lingua propia practicamente desaparece en territorio galego, florecerá en Portugal.

4. Conclusión

Baixo o título, en certo modo provocador, de 'galego de Portugal', quixen chamar a atención nas páxinas precedentes para o feito de Portugal e o seu idioma se teren formado dentro da Gallaecia. Pretendín tamén pór en relevo que a nosa lingua común galego-portuguesa foi a lingua dominante na península ibérica durante un longo período de tempo na época medieval. Mais tal pretensión non obedece a ningún afán 'imperialista' (pobres de nós!) nin quere pór en cuestión o dereito de Portugal a construír a propia historia ao seu modo e a denominar a súa lingua como 'portugués', senón que ten o propósito de contribuír a recordar a verdade dos feitos e a que os galegos recuperemos a nosa memoria histórica, que en certo modo nos roubaron, e con ela a nosa autoestima, de que tan necesitados andamos.

E quixen tratar sobre este tema aquí en Portugal, e nunha cidade tan 'galega' como Braga, porque, en tanto que desde a Galiza se leva vivindo a conflituosa relación galego/portugués (e tamén en parte Galiza/Portugal) con apaixonamento e grande interese nos últimos séculos e mesmo na actualidade, sobre todo desde o ámbito galeguista, tamén ao norte do Miño temos a impresión de existir unha grande indiferenza en Portugal a respecto da propia existencia do galego (e da Galiza) e dos seus vínculos históricos co portugués (e con Portugal), coas consabidas e moi destacadas excepcións. Tamén é ben certo que a importancia que o portugués ten para o futuro do galego non é equiparábel coa que este representa para o portugués. E por iso mesmo quero insistir neste vello tema, porque os galegos e galegas que estamos a loitar por garantirmos o futuro do noso idioma na Galiza necesitamos da axuda de Portugal para o conseguirmos. É moi habitual dicirmos entre nós en determinados momentos, en especial cando máis se fai sentir o abandono ou mesmo o desprezo da política española para co noso país: «Menos mal que nos queda Portugal». Esperamos que este país irmán, que moitos galegos sentimos como propio, non nos esqueza, tamén no relativo á cuestión idiomática.

Referencias

- BREA, Mercedes, 1994, «A voltas con Raimbaut de Vaqueiras e as orixes da lírida galego-portuguesa». In: Elvira Fidalgo & Pilar Lorenzo Grandín (orgs.), *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, 41-56. Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro.
- CARBALLO CALERO, Ricardo, 1980, «A fortuna histórica do galego». In: *Problemática das línguas sen normalizar. Situación do Galego e alternativas*, 105-128. Ourense: Asociación Socio-Pedagóxica Galega & Xistral.
- CASTELAO, [Afonso Daniel Rodríguez], 1961, *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edición «As Burgas».
- CASTRO, Ivo, 1991, *Curso de História da Língua Portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.
- FEIJOO, Fr. Benito, 1984, *Obra selecta*. Prólogo y selección de textos por E. Blanco-Amor. Santiago de Compostela: Sálvora.
- FERRO COUSELO, Xesús, 1958, «Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego». In: *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, 251-253. Vigo: Galaxia.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón, 2002, *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- GARCÍA TURNES, Beatriz, 2002, «A orixe do galego segundo Francisco Adolfo Varnhagen, editor do *Cancioneiro da Ajuda*». *Madrygal* 5, 53-60.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio, 1978, *Grandeza e decadencia do Reino de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- LAPA, Manuel Rodrigues, 1977, *Lições de Literatura Portuguesa*. Coimbra: Coimbra Editora.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo, 1997, «Idade Media». In: *Historia Xeral de Galicia*, 93-204. Vigo: A Nosa Terra.
- LORENZO, Ramón, 1981, «Limiar». In: Afonso X o Sabio, *Cantigas de Santa María*. Edición crítica de Walter Mettmann. Vol. I, 7-13. Vigo: Xerais.
- MAIA, Clarinda de Azevedo, 1986, *História do Galego-Português*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- MARIÑO PAZ, Ramón, 1998, *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- MATTOSO, José, 1992, *Portugal Medieval*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón, 1950, *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI. Obras Completas*. Vol. VIII. Madrid: Espasa-Calpe.
- MICHAËLIS DE VASCONCELLOS, Carolina, 1904, «A Galliza, centro de cultura peninsular de 800 a 1135. Santiago de Compostella, foco onde desabrochou o lyrismo gallego-português». In: *Cancioneiro da Ajuda*. Edição crítica e commentada por... Vol. II, 769-835. Halle: Max Niemeyer.
- MICHAËLIS DE VASCONCELLOS, Carolina, s.d., *Lições de Filologia Portuguesa segundo as preleções feitas aos cursos de 1911/12 e de 1912/13 seguidas das Lições práticas de português arcaico*. Lisboa: Dinalivro.
- MONTEAGUDO, Henrique, 1985, «Aspectos sociolingüísticos do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia». *Revista de Administración Galega* 1: 85-108.
- 1988, «Português e galego nos gramáticos portugueses do quiñentos». In: Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trèves 1986)*. Vol. V, 144-158. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.

- 1994, «Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)». In: Elvira Fidalgo & Pilar Lorenzo Grandín (orgs.), *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, 169-185. Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro.
- NOGUEIRA, Camilo, 1996, «Sobre as orixes da cuestión nacional galega: a división de Gallaecia e a creación do Estado portugués». *A Trabe de Ouro* 25: 11-25; e 26: 59-79.
- 1997, «Para unha crítica do castelanismo». *Grial* 134: 141-163.
- 2001, *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. Vigo: Xerais.
- NUNES, José Joaquim, 1989, *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*. Lisboa: Clássica Editora.
- PENA GRAÑA, Andrés, 1995, «O reino de Galicia na Idade Media». *Terra e Tempo* 1: 5-15.
- RISCO, Sebastián, 1973, *Presencia da lingua galega*. A Coruña: O Castro.
- SMITH, Colin, 1996, «Galicia, todo un reino». In: *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, 735-744. Santiago de Compostela: Universidade.
- TAVANI, Giuseppe, 1986, *A poesía lírica galego-portuguesa*. Vigo: Galaxia.
- VÁZQUEZ CORREDOIRA, Fernando, 1998, *A construção da língua portuguesa frente ao castelhano. O galego como exemplo* a contrario. Santiago de Compostela: Laivento.
- WRIGHT, Roger, 1991, «La enseñanza de la ortografía en la Galicia de hace mil años». *Verba* 18, 5-25.